


BOLETÍN 1 – TEMA 7

1. Observa a seguinte gráfica e responde as preguntas.



- a) Que representan as columnas azuis?
 - b) Por que as columnas azuis van decrecendo a medida que nos desprazamos á dereita?
2. Que ocorre na metade dereita do corazón mentres sae sangue pola arteria aorta?
3. Que ocorre na metade esquerda do corazón mentres entra sangue á aurícula dereita?
4. Nun corazón en sístole auricular e diástole ventricular, o impulso nervioso xa chegou ao feixe de His? Que percorrido xa fixo o impulso nervioso? Como foi a velocidade á que se transmitiu durante ese percorrido?
5. Describe **detalladamente** o que ocorre dende que o sangue sae do cerebro sen osixenar ata que volve a este órgano xa osixenada.
6. Contesta as cuestións:
- a) Son sinónimos ictus e infarto?
 - b) Un infarto implica sempre unha embolia?
7. Explica, para cada unha das seguintes funcións do sangue, que compoñente deste o leva a cabo e como.
- a) Reparar feridas e lesións.
 - b) Transportar osíxeno dende os alvéolos pulmonares ata os tecidos e dióxido de carbono dende os tecidos ata os alvéolos pulmonares.
 - c) Efectuar a defensa inmunolóxica de órganos e tecidos.
8. Cres que a composición da linfa e a do líquido intersticial serán similares ou moi diferentes? Por que?